

ANEXO IV

PLAN DE INTRODUCCIÓN

DAS TECNOLOXÍAS

DA INFORMACIÓN

E COMUNICACIÓN

VINCIOS (PITIC) OS

CEIP SERRA VINCIOS

XUSTIFICACIÓN.

A implantación das novas tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual é xa unha realidade polo que a escola non pode permanecer á marxe deste cambio social e debe adaptarse a esta nova realidade.

Neste contexto, as TIC deberán entrar a formar parte do contorno educativo a diferentes niveis converténdose nun recurso pedagóxico de gran importancia e nun instrumento cada vez máis indispensable nos centros educativos.

Por outra banda o artigo 17 i) da LOE e o artigo 2 i) do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establecen que os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan, entre outras:

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora. Ademais, a incorporación de competencias básicas ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha posición integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. De aí o seu carácter básico. Son aquelas competencias que debe desenvolver un neno/a ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

OBXECTIVOS XERAIS DO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL.

* Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

* Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse, polo tanto, ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na

súa dobre función de transmisoras de información e xeradoras de información e de coñecemento.

En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente. Ao mesmo tempo, posibilita avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

Por todo o anterior, a aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital.

Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a creación dun plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación no centro.

INTRODUCCIÓN.

Estamos nun centro rural, C.E.I.P. SERRA-VINCICIOS, na parroquia de Vincios, concello de Gondomar, no que o principal problema, consiste na pouca cobertura telefónica, dispoñendo de ADSL de 1 mb para todo o centro, dificultando as actividades en liña, e incluso os traballos de profesorado. Sendo inviable impartir unha clase en liña.

Temos que resaltar a dificultade que atopamos no centro para subir contidos á páxina web, e tamén para abrilos, co fin de ensinarllos aos nenos, ou de facer actividades en liña, debido á pouca velocidade de internet. Isto, a pesar das continuas peticións dirixidas dende a dirección do centro á Consellería de Educación, e a compañía telefónica.

Tampouco temos internet nas aulas, polo que temos que ir á aula de audiovisuais ou informática para calquera actividade que queiramos facer con internet, coa conseguinte perda de tempo e operatividade.

Ademais, varios profesores do centro, pertencentes ao equipo de TICs, solicitamos o curso sobre Drupal, ofertou o CFR o curso pasado, pero non se nos concedeu a ningún, co cal seguimos mal formados con respecto á construción e modificación de categorías e bloques na páxina Web.

A páxina Web (<http://centros.edu.xunta.es/ceipserravincios/>) foi creada no curso 2008-2009, con moitas dificultades polo abandono que sufrimos por parte da UAC, xa que só nos enviou unha persoa durante 3 sesións, a cal tampouco estaba ben cualificada, e a pesar do seu grande esforzo non nos puido formar adecuadamente en relación á creación da páxina web. Por fin, e xa a final de curso viu o asesor do Siega, e púxoala en marcha.

O curso pasado, volver o asesor,(dúas sesións) o cal nos ensinou a subir diferentes tipos de contidos, pero consideramos que aínda queda moito por aprender, polo que necesitaríamos de máis formación neste curso.

Tamén temos un Blog de Normalización Lingüística, onde se poden por as novas e informacións dos alumnos. Para isto, os nenos dispoñen de un buzón de noticias na entrada do colexio, onde deixar os seus debuxos, ou novas.

A formación do profesorado neste ámbito é diversa, polo que se saca en conclusión a partir das enquisas realizadas o curso pasado (enquisas e conclusións, ver anexos I e II). A partir delas, detectamos as deficiencias entre o profesorado no que respecta ás TICs. polo que este curso vanse a impartir pequenas sesións de formación ao resto do profesorado, dirixidas pola coordinadora de TICs e contando coa boa vontade dos profesores do centro, empezando con contidos básicos. (plan de formación, ver anexo III)

Con respecto aos recursos informáticos e ao seu aproveitamento, o material informático, está distribuído entre as aulas de informática, audiovisuais, biblioteca, sala de profesores, aula de inglés, algunhas titorías e secretaría. (inventario, normas e horarios das aulas, ver anexos IV, V e VI)

A veces, xorden problemas técnicos que non podemos solucionar por falta de formación ao respecto, para o que o centro ten contratado un servizo técnico que ven ao centro unha vez ao mes, ou cando é necesario. Temos unha folla de incidencias enriba de cada CPU, que o técnico revisa cando ven ao colexio. Sería conveniente que no centro houbera unha persoa con preparación suficiente a este respecto.

Estes recursos son utilizados como:

- Fonte de adquisición de información (Internet)
- Canle de comunicación interpersonal (correo electrónico e redes sociais)
- Medio de expresión e creación (vídeos, fotos, montaxes diversos)
- Ferramenta para o traballo titorial e docente (programacións, e traballos de aula con procesadores de texto)
- Xestor dos recursos administrativos do centro: (proxecto Xade)
- Xestor da biblioteca: na biblioteca funciona un sistema de préstamo de libros co Proxecto Meiga. O alumnado pode ir á biblioteca no seu horario coa titora, (*Ver horario no anexo*) nos recreos (libre), ou polas tardes (coas familias)
- Recurso interactivo para a aprendizaxe (programa Clic, Smart Board, materiais multimedia, etc.)
- Novos contornos virtuais (actividades en liña)

Para o mellor aproveitamento destes recursos, no equipo de TICs, haberá como mínimo un representante de cada ciclo, que informará ao resto dos membros do seu ciclo dos acordos que se tomen neste equipo. Ademais, porase un cartel informativo na sala de profesores das actividades de formación no centro, e recordarase na reunión de inicio das tardes dos martes.

No noso centro respéctanse os valores democráticos, atendendo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou físico, e promovendo o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte de tódolos membros da comunidade educativa, sen ningún tipo de discriminación. Ademais, a biblioteca permanece aberta no recreo e polas tardes, no horario de garde dos profesores, permitindo o acceso aos membros da comunidade educativa que o precisen.

Para difundir o proxecto entre os membros da comunidade educativa, enviaráselles unha nota informativa ao comezo do curso, e recordaráselles nas reunións trimestrais, todas as novas que vaian xurdindo, así como recordarlles que visiten a páxina web do centro. Tamén se informa a través da revista escolar “O Xornaliño”, e en tódalas notas que van a casa co logotipo do colexio onde aparece a dirección da páxina web.

OBXECTIVOS:

Os obxectivos xerais do Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación son os seguintes:

1. Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
2. Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
3. Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
4. Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
5. Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
6. Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.
7. Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
8. Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
9. Potenciar a comunicación cos seus iguais.
10. Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
11. Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...

12. Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
13. Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
14. Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
15. A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.
16. Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.

Obxectivos para este curso:

1. Fomentar e dinamizar o uso da páxina web do centro:
(<http://centros.edu.xunta.es/ceipserravincios/>)
2. Executar un plan de formación de profesores, partindo das súas necesidades (contidos web, movie maker, presentacións fotográficas, slides, isuu, encerado dixital, ...)
3. Continuar coa organización e mantemento das aulas de informática e audiovisuais,
4. Fomentar o uso do galego nas TIC en coordinación co equipo de Normalización Lingüística.
5. Intercolaborar co equipo de normalización lingüística e biblioteca na elaboración do seu blog, web quest, etc.
6. Publicitar as actividades de TICs entre a comunidade educativa.
7. Proporcionar ao alumnado interesado unha dirección de correo electrónico.
8. Organizar persoal para a realización de fotos e/ou vídeo nas actividades complementarias de festas.
9. Utilizar as TIC como ferramenta pedagóxica, non como fin en si mesmo.

ACTIVIDADES.

Ademais de tódalas actividades que se fagan nas aulas, produto da posta en práctica das programacións de aula, as seguintes son as actividades encamiñadas para conseguir os obxectivos anteriores:

- Fomento e dinamización da páxina web do centro:
(<http://centros.edu.xunta.es/ceipserravincios/>)
- Plan de formación de profesores, partindo das súas necesidades (contidos web, movie maker, presentacións fotográficas, slides, isuu, encerado dixital, ...)
- Organización e mantemento das aulas de informática e audiovisuais,
- Fomento do uso do galego nas TIC en coordinación co equipo de Normalización Lingüística.
- Intercolaboración co equipo de normalización lingüística e biblioteca na elaboración do seu blog, web quest, etc.
- Difusión das actividades de TICs entre a comunidade educativa.
- Creación de direccións de correo electrónico ao alumnado interesado.

- Organización do persoal para a realización de fotos e/ou vídeo nas actividades complementarias de festas.
- Utilización das TIC como ferramenta pedagóxica, non como fin en si mesmo.

METODOLOXÍA.

As Novas Tecnoloxías na escola deben entenderse inmersas nas distintas áreas curriculares. Non son un fin en si mesmas, senón un medio para acadar outros obxectivos. O alumnado empregaraas como **fonte de adquisición de información** (Internet) para descubrir ou reforzar aprendizaxes recollidas no currículo cotián. O tema de investigación xurde dos centros de interese do resto das áreas: Coñecemento do Medio, Linguaxe, Matemáticas, Inglés, etc., preparando **proxectos de clase**, mellorando e afondando co uso das novas tecnoloxías a aprendizaxe doutras materias, e afianzando habilidades adquiridas no manexo das ferramentas informáticas, e aprendendo ao mesmo tempo **novos recursos e ferramentas informáticas e da rede** (procesadores de texto, programas diversos para a realización de montaxes e presentacións,...)

As novas tecnoloxías facilitan tamén o uso de **programas educativos e didácticos**, (materiais multimedia e en liña). Estes programas reforzan ou axudan a aprendizaxe de aspectos curriculares ao tempo que resultan altamente motivadores e lúdicos para o alumnado, pensados para reforzar as aprendizaxes básicas. Estes programas son interactivos e autocorrectivos, o que aumenta o seu valor pedagóxico.

Para os profesores son un recurso educativo moi valioso para a ensinanza (programas educativos, materiais multimedia, SmartBoard e E.D.I....)

Para desenvolver esta metodoloxía é preciso:

- Fixar tempos e espazos para os grupos do alumnado participante: Reservando, como xa dixemos, a cada grupo de alumnos do centro (dende EI de 3 anos ata 6º de EP) un mínimo de unha hora semanal, dentro do seu horario lectivo, para acudir á aula de ordenadores, xa sexa co seu profesor/a titor/a ou cun profesor especialista, e ademais tendo a posibilidade de ir á aula de audiovisuais, con encerado dixital interactivo, en calquera horario que o solicite, por orde de reserva.
- Dispoñer na medida do posible dun recanto do ordenador nas aulas para traballar en pequeno grupo.
- Abrir o espazo de informática-biblioteca nos períodos de recreo e nas tardes de garda do profesorado, para que o alumnado poida manexarse coas TIC en contornos libres.

AVALIACIÓN.

Nas primeiras reunións de curso analizarase a memoria do curso anterior e a situación real ao comezo de curso.

Durante o curso farase un seguimento dos medios e recursos, das actividades de formación, e das necesidades que vaian xurdindo.

Recolleranse as impresións dos distintos participantes no Proxecto, no que se analizarán os problemas atopados, actividades máis gratificantes, cumprimento de obxectivos e as expectativas xeradas.

E por fin, avaliarase na memoria de final de curso, o que servirá de base para comezar o seguinte.

Os apartados a ter en conta, serán sobre todo:

- A existencia de unha verdadeira integración das TICs no currículo e nas programacións.
- nivel de uso académico do ordenador como instrumento de traballo.
- grado de confianza e autonomía do profesorado no manexo das TICs.
- A utilización axeitada dos recursos.
- Nivel de avarías e posibles causas.

ANEXO I:

ENQUISA SOBRE O USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS PARA MESTRES

Nome:.....

Fas uso das novas tecnoloxías no centro:

1-Cos alumnos:

Na aula de medios audiovisuais, ou nos encerados de aula?.....Para que? (marca cunha cruz)

- Proxección de vídeos
- Proxección de fotos
- Xogos interactivos
- Actividades didácticas
- Outros (especifica cales)

Na aula de informática?.....Para que?

- Xogos
- Busca de información en Internet
- Programas didácticos
- Procesamento de textos con:
 - Office de Word
 - Open Office
- Paint
- Outros (especifica cales).....

2-Como docente:

Para preparar traballos de clase, presentacións e programacións con:

- Procesador de textos
- Presentacións en Power Point ou Impress
- Montaxes con Movie Maker
- Vídeos
- Slides
- Outros (especifica cales)

Estás interesado/a en recibir formación sobre algún tema concreto?Especificas cales?

.....

.....

Coñeces as novas da páxina web do cole?..... Accedes habitualmente a ela?.....

Sabes subir algún tipo de contidos á páxina?.....

Queres aprender a subir algún tipo de contido?Especifica cales?

.....

Os resultados son os seguintes:

A partir da enquisa feita aos profesores, **(15 enquisas cubertas)** sacamos en conclusión que hai moito profesorado interesado en recibir formación, sobre todo en :

- Manexo da páxina web:
 - Crear contido: páxina
 - Subir fotos, vídeos, slides, you tube,
 - Linkar xogos, páxinas web, etc
 - Biblioteca
 - Como poñer letras bonitas
 - Etc.
- Elaboración de impress e/ou power point
- Movie maker
- Vídeos
- Slides
- Pizarra dixital e notebook
- Isuu
- Album dixital (Hoffman)

ANEXO II:

Enquisa de pais: (de 89 enquisas devoltas)

Teñen os nenos acceso a un ordenador na casa? Si: 65 nenos (73%) Non:24

En caso contrario, teñen acceso a algún outro ordenador? Si: 8 (9%, que sumado ao 73%, é un 82%)

Úsano, principalmente para, xogar, buscar información, ver vídeos, correo, fotos, escribir, escoitar ou buscar música, etc.

Teñen acceso a internet na casa? Si: 39 (44%) Non:26

E en outro lugar? Si:25 (28% que sumado co 44%, da un 72%)

Coñecen a páxina web do cole? Si: 54 (61%) Non: 15

Acceden habitualmente a ela? Si: 32 (36%)

Na biblioteca do cole dispoñen de dous ordenadores con acceso a internet ao que os alumnos/as ou familias que o desexen poden acceder en horario de biblioteca. Esta opción parécelles interesante a tódolos pais.

ANEXO III

PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO:

Actividades suxeridas :

- Uso básico do EDI
- Como acceder á páxina Web e crear un contido sinxelo: texto e foto (VSO Resize)
- Programa en liña Slide, e como subilo á páxina, youtube
- Creación de Movie Maker (presentación con imaxes e sons)
- Como subir vídeos e Movie Maker á páxina (Any video converter)
- Creación de Power Point, e Impress (presentación imaxes e sons)
- Como subilos á páxina (f)
- Subir links de Internet á páxina
- ISUU (programa para presentar contidos como un libro, ver Xornaliño)
- Libro-book (contido web con subapartados)
- Poñer letras bonitas nos títulos
- Subir pdf (linkar en anillas)
- Subir un youtube (pegar embed en texto rico desactivado)
- Programa en liña PICASA (fotos)
- Facer unha Web Quest

A Temporalización poderá variar en función das necesidades, en principio empezará o día 5 de outubro, cunha duración máxima de media hora.

ANEXO IV

INVENTARIO AUDIOVISUAIS E VARIOS

Sala de profes:

Plastificadora HeatSeal H312

Encuadernadora Yosan 64

Guillotina DAHLE (vella)

Guillotina DAHLE 561

Ordenador de sobremesa Compaq Intel inside pentium 4

Ordenador de sobremesa DELL OPTIPLEX 745 intel Core 2 Duo

Impresora branco e negro EPSON EPL-N3000

Aula de informática:

5 Ordenadores de sobremesa DELL OPTIPLEX 745 intel Core 2 Duo

3 Ordenadores de sobremesa DELL OPTIPLEX 740 intel Core 2 Duo

1 ordenador ASUS Intel inside pentium 4

1 Ordenador de sobremesa Compaq Intel inside pentium 4

2 Ordenadores de sobremesa PC 13 e PC 11 modelo CPC

1 ordenador portátil IBM

8 xogos de altofalantes (2 en caixas)

12 auriculares

1 Tv plasma Style Perfection LG
Impresora cor Epson StylusDX3800

Aula de audiovisuais:

Encerado dixital interactivo Smart Board
Canón de vídeo EPSON
Ordenador portátil IBM think pack 37104/CS/PL/CS

Biblioteca:

3 Ordenadores de sobremesa DELL OPTIPLEX 740 intel Core 2 Duo
Impresora EPSON Stylus SX115

Secretaría:

2 Ordenadores de sobremesa DELL OPTIPLEX 745 intel Core 2 Duo
Impresora Samsung láser cornCLP-300N
1 Ordenador de sobremesa Compaq Intel inside pentium 4
Impresora-fotocopiadora B/N Canon iR3035N
Fax copiadora Brother MFC-8440
Guillotina DAHLE 508

Ed. Física:

Radiocassette

Aula de Pedagogía Terapéutica:

Ordenador sobremesa Cofiman presonal computer serie Cfm
Impresora Epson Stylus color 600

Aula de Orientación:

Ordenador portátil toshiba tecra 53
Impresora Epson Stylus D88

Aulas:

Inglés:

2 ordenadores sobremesa
2 xogos altofalantes
Tv basic line
DVD basic line
Vídeo Philips
Radio cassette Sony
Canón de vídeo Epson

Aula nº 10:

Canón de Vídeo Epson

Ed. Infantil 5 anos:

Ordenador sobremesa Lg 52X max
Altofalantes
Radiocassette Thomson
Canón de vídeo Epson

Ed. Infantil 4 anos:

Canón de vídeo Epson
Ordenador de sobremesa
Altofalantes
Radiocassette Sony

Ed. Infantil 3 anos:

Radiocassette Grundig

Almacén Ed. Infantil:

Canón de vídeo Epson
Impresora multifunción cor, Epson Stylus DX 4000
Altofalantes

Portátiles Ed. Infantil:

2 ordenadores portátiles Dell Intel Centrino Duo
Ordenador portátil IBM think pack 37104/CS/PL/CS

Portátil Primaria:

Ordenador portátil Acer, Signal up

ANEXO V

NORMAS DA AULA DE INFORMÁTICA:

1. Puntualidade na saída da aula.
2. Respetar o horario.
3. Os nenos/as teñen que estar acompañados por un mestre/a na aula de informática.
4. Cada grupo a final de curso debe baleirar as carpetas que lle correspondan.
5. Non se crearán accesos directos nin iconas innecesarios.
6. Non se instalarán programas nin accesos directos sen comunicarllo ao coordinador.
7. As páxinas consideradas interesantes gardaranse no menú de favoritos, ou nas propias carpetas.
8. É conveniente que cada titor garde copia de seguridade das súas cousas.
9. Non se poden utilizar os ordenadores para xogos.
10. Se a impresora non funciona, cancelar os traballos de impresión antes de repetir a orde de impresión, ou avisar antes.
11. Avisar e anotar na folia de incidencias que hai enriba de cada ordenador, as "AVARÍAS".

ANEXO VI

HORARIO DA AULA DE INFORMÁTICA 2010/11

	EI-5A	EI-4A	2º	
		ANA	4º	5º
1º			6º	6º
3ºA	3ºB	EI-3A	3ºB	

ANEXO VII

HORARIO DA BIBLIOTECA 2010/11

		6º		5º
		1º		EI-4A
2º	4º		EI-3A	EI-5A
3ºB		3ºA		